

En virtude dos acordos entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, e de acordo coas atribucións que lle confire a lexislación vixente, ESTE REITORADO resolve:

1 Convocar catro cursos de redacción e deseño de traballos de investigación, destinados a aqueles estudantes da Universidade de Santiago de Compostela que estean redactando o proxecto de fin de carreira, o traballo de investigación tutelado, a memoria de licenciatura, a tese de doutoramento ou calquera outro traballo académico.

2 Os cursos celebraranse nos campus de Santiago de Compostela e Lugo, tres no campus de Santiago, e un no campus de Lugo.

3 O comezo e horario dos cursos determinaraos o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela.

4 Os cursos celebraranse naqueles locais que determine a Universidade de Santiago de Compostela.

5 O número de asistentes a cada curso estará suxeito á dispoñibilidade de equipos informáticos das aulas en que se celebren. En todo caso non poderá ser superior a trinta.

6 No caso de que non se matricule un mínimo de dez estudantes, os cursos poderán ser anulados.

7 A matrícula realizarase por procedemento telemático no enderezo web <http://www.usc.es/snl/forma/redaccion> O prazo de presentación de solicitudes estará comprendido entre os días 26 de outubro e o 10 de novembro de 2010.

8 As solicitudes de admisión seleccionaraas a Universidade de Santiago de Compostela tendo como criterio a orde de recepción de instancias.

9 Os solicitantes deberán xustificar documentalmente a súa efectiva vinculación coa Universidade de Santiago de Compostela.

10 O prezo de matrícula será de 30 € Esta cantidade poderá ser reintegrada unha soa vez aos interesados que o soliciten sempre que xustifiquen documentalmente que realizaron e defenderon efectivamente en lingua galega algún dos seguintes traballos de investigación: proxecto de fin de carreira, traballo de investigación tutelado, memoria de licenciatura ou tese de doutoramento.

11 Os cursos terán as seguintes características:

- a) A duración será de 30 horas, das cales 22 serán presenciais, e 8 de traballo individual. Este traballo final deberá ser presentado obrigatoriamente en lingua galega.
- b) A asistencia será obrigatoria nas horas presenciais, e cada un dos asistentes non poderá ter un número de faltas superior ao 10%
- c) Ás persoas que realicen os cursos outorgaráselles un certificado de asistencia.
- d) Ao curso recoñéceselle un crédito de libre configuración, segundo Resolución Reitoral do 28 de marzo de 2003, imputable a todos os estudantes da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2010

O reitor

Juan J. Casares Long